

## Lembra durante o teu percorrido

**G**oza da contorna e respecta a vida e o traballo dos e das habitantes.

**N**on prendas lume.

**N**on saltes muros nin valados.

**L**eva o teu lixo contigo.

**N**on ensucies as fontes nin os regatos .

**P**rotexe a fauna silvestre, as plantas e as árboles.

**E**xtréma o coidado nas estradas.

**N**on fagas ruídos innecesarios.

**S**e traes o teu can, levoa atado.

## INFORMACIÓN

Aula da Natureza 660 004 665 / 981 883 002 ext.1303  
auladanatureza@concellodeames.org



## Ruta de Riamontes



Punto de saída e chegada

### Como chegar á ruta



### Ficha da ruta

Senda circular (sinalizada en ambos os sentidos).

Lonxitude aproximada: 7 km.  
Pódese facer unha variante iniciando o descenso dende a poza.

Duración estimada: 2 horas e media. 1 hora a variante máis curta

Desnivel máximo: 260 metros  
Altitudes mínima e máxima: 90 - 350 m.

Dificultade: media

Cartografía: folia 94-IV Santiago  
(Mapa topográfico Nacional 1:25.000)


### Lembra levar

**A**uga, **c**alzado cómodo, **p**antalóns longos para evitar rabuñaduras, **c**ámara fotográfica, **p**rismáticos para observar a vida silvestre e contemplar as panorámicas

- Ruta
- Estradas
- Muíños
- Aldeas
- Paneis
- Vista panorámica

### Sinalización das sendas de pequeno percorrido

- Continuidad da senda
- Dirección equivocada
- Xirar á dereita
- Xirar á esquerda



▶ Este camiño comeza na pequena aldea do Vilar. Dous paneis interpretativos fannos o resumo tanto das súas características como dos principais elementos que nel atoparemos. Ao longo da ruta teremos información máis precisa sobre a flora, a fauna, a vida do rego e os muíños que alberga.



▲ Alfavaca da cobra

▶ Logo de acceder a unha pista forestal, deseguida chegamos ao primeiro dos muíños, o de Ortoño, o único situado na beira dereita do regato de Riamontes. Cruzamos o rego por unha pontella e deixamos o río a nosa esquerda. O camiño segue por un fermoso tramo de bosque de ribeira. Os freixos, ameneiros e, máis retrasados, os carballos proporcionan a penumbra e humidade necesarias para que medren fentos, carrizos e moitas especies da flora típica de ribeira que serven de refuxio a unha enorme variedade de insectos e pequenos vertebrados. Ao longo deste tramo o rego, cheo de vida, baixa saltando de penedo en penedo entre pozas e pequenas fervenzas custodiado por 10 muíños, o Novo, o da Xustiza, o da Pedra..., que manteñen o seu misterio de tradicións e de historias.



▲ Peto real

▶ Ao remate deste camiño chegamos ao Pozo de Riamontes un lugar onde, durante o verán, represábase auga para que funcionasen os muíños. Na actualidade, moitos animais achéganse ao pozo para beber e refrescarse, proba diso son as pegadas que podemos observar nas zonas lamacentas, sobre todo, nas primeiras horas da mañá.



▶ Lagarteiro común



▲ Pintafontes común

▶ Unha pista forestal lévanos dende o Pozo ata a estrada que comunica Castelo con Cortegada. Só faremos vinte metros, cara á dereita, por esta estrada xa que, deseguida, entramos nunha pista forestal, sinalizada á nosa dereita.

Entre plantacións de eucaliptos e matogueiras chegamos ata o miradoiro de San Marcos situado a 343 m de altitude, case na metade do noso percorrido total. Dende alí podemos contemplar unha expandida vista do val da Maía, formado polo río Sar. No alto, atopamos tamén as ruínas da Ermida de Sa...

▼ Estraloque



▶ Cola de anduriña



▲ Esquíu

▶ Os sinais indicativos axúdannos a emprender o camiño de descenso, entre matogueiras e eucaliptais en proceso de recuperación tras as vagas de lumes forestais de anos precedentes.

▶ Os últimos dous quilómetros, achégannos de novo ao rego de Rimontes e as carballeiras, neste caso a nosa dereita. No último tramo destacan as sobreiras ou corticeiras, algunha delas de considerable idade e outras máis novas. Logo de cruzar a ponde sobre o regato tornámonos no mesmo lugar onde iniciamos o camiño.



▲ Amanita citrina



▲ Prímula

▶ Seguindo os sinais indicativos, ascendemos por un vello camiño no que apreciamos unha paisaxe tipicamente rural. Hortas, prados e árbores froiteiras, co rumor do rego ao fondo, conforman un habitat característico para moitas especies.



▲ Vacaloura